



Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo
Avda. da Mariña 25, CP 15160, Sada –A Coruña (+34) 881.965.481
www.concellodessada.com - oficinadeturismo@concellodessada.com



Bases do VII Certame “Festa da Xiba”

A Concellería de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada organiza ó VII Certame “Festa da Xiba” co obxectivo de promocionar e potenciar o sector hosteleiro, a restauración e o turismo no municipio.

1ª Ámbito de participación:

O VII Certame “Festa da Xiba” correspondente a 2016, circunscribese aos límites administrativos do municipio de Sada, puidendo polo tanto participar nel calquera establecemento adicado á hostelería e restauración do concello de Sada.

2ª Obxecto de participación:

Cada establecemento participante poderá presentar a concurso un máximo de unha (1) tapa, debendo contar entre os seus ingredientes básicos con produtos típicos da comarca e especialmente a xiba.

Por mor da modalidade do concurso, as tapas presentadas a concurso serán gratuitas, previa consumición no local, ao seu prezo correspondente, segundo a carta de cada establecemento.

3ª Inscrición:

A inscrición no concurso será gratuita, debéndose realizar por escrito e utilizado o modelo oficial que se pode descargar na web municipal www.concellodessada.com, ou retirar na Oficina de Turismo.

A data límite de inscrición será o venres 15 de abril, sendo o lugar de presentación, tanto a Oficina de turismo, situada na avda. Da Mariña s/n, coma o Rexistro Municipal, situado na planta baixa do edificio administrativo do Concello de Sada, ubicado na Avda. da Mariña nº25.

Os establecementos interesados en participar, deberán ter cumplimentada toda a información recollida na ficha, especialmente no caso dos horarios de disponibilidade da tapa presentada, para a súa degustación tanto polos clientes, como polo xurado.

4ª Difusión e material de participación:

Pechado o prazo de inscrición, o Concello de Sada difundirá e publicará a listaxe dos establecementos participantes mediante cartelería publicitaria, a través da páxina web municipal www.concellodessada.com, redes sociais, e outros medios de difusión.

Así mesmo, encargarase, por medio do persoal asignado, de repartir equitativamente a xiba entre os locais inscritos antes do inicio do evento segundo a cantidade de produto dispoñible, ademáis do material promocional, as furnas e as papeletas de votación para cada establecemento.





Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo
Avda. da Mariña 25, CP 15160, Sada – A Coruña (+34) 881.965.481
www.concellododesada.com - oficinadeturismo@concellododesada.com



5ª Modo e período de participación:

A tapa presentada ao concurso deberá estar anunciada e exposta de forma destacada no establecemento, así como en nº suficiente e razonable de unidades ou porcions, do 27 ao 29 de maio.

Os establecementos concursantes deberán ter expostos nun lugar visible o cartel anunciador do concurso, facilitado polo Concello de Sada, no que aparecerán relacionados os establecementos que participan no concurso.

O Concello distribuirá entre os establecementos unha furna para a votación e cantidade suficiente de boletos que, a disposición gratuita do consumidor, servirán para determinar a tapa gañadora do concurso por votación do público participante.

6ª Modalidades de votación:

a) Votación do público

Toda vez que un cliente deguste unha tapa presentada a concurso, o establecemento participante deberá entregar un boleto de votación dividido en tres partes:

- unha matriz con un nº de participación
- unha segunda consistente nun boleto no que conste o nº de participación (e que servirá como resguardo que deberá gardar o cliente para participar nos sorteos)
- unha terceira na que constará o nº de participación e na que se poderá votar ás tres mellores tapas degustadas cunha valoración de 1, 2 ou 3 puntos. Para que a participación sexa válida, deberá ter un selo dun establecemento por cada unha das zonas asignadas (zona praia, zona porto, zona centro, parroquias).

Esta terceira parte deberá introducir na furna correspondente a calquera dos establecementos durante o período de duración do concurso, do 27 ao 29 de maio, ambos inclusive. No caso de ter máis de tres opcións sinaladas, ou non dispoñer de todas as zonas seladas, dita papeleta considerarase nula.

b) Votación do xurado

O Concello de Sada a través da Concellería de Promoción Económica e Turismo, proporá un xurado integrado por membros do sector, que deberán puntuar cada unha das tapas presentadas a concurso entre 1 é 3 puntos, atendendo a: cuidado e presentación, sabor, dificultade de elaboración, ingredientes propios da comarca utilizados, valor nutricional e valoración global, destacando sempre o ingrediente da xiba.





Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo
Avda. da Mariña 25, CP 15160, Sada – A Coruña (+34) 881.965.481
www.concellodessada.com - oficinadeturismo@concellodessada.com



7º Recollida de votos:

O Concello de Sada, a través do persoal designado a tal fin, recollerá os boletos de votación non utilizados e precintarán e recollerán as furnas de votación dos establecementos participantes entre os días 30 de maio e 1 de xuño.

8º Resolución:

O Concello de Sada a través do persoal que se designe, será ó encargado de facer o reconto dos votos, do seguinte xeito:

- A suma dos votos totais emitidos en cada furna, serán divididos entre o nº total de papeletas de votación contabilizadas na dita furna, a fin de obter unha puntuación media.
- Aquel establecemento que obteña a puntuación media máis alta será o gañador absoluto do concurso.
- Os locais participantes poderán estar presentes durante o proceso de reconto oficial de votos previa solicitude.

O VII Certame “Festa da Xiba” fallarase antes do día 11 de xuño do 2016.

A resolución do concurso trala votación en furna será inapelable, non puidendo quedar deserto.

9º Premios:

Establécense os seguintes premios:

- Premio do Público, para a tapa gañadora segundo a puntuación media obtida unha vez recontados os votos válidos emitidos polos clientes, recibirá unha figura de Sargadelos e un diploma honorífico.
- Premio do Xurado, para a tapa gañadora votada polo xurado definido no apartado 6º, recibirá unha figura de Sargadelos e un diploma honorífico.
- Para os clientes Un vale por valor de 100,00 € (cen euros), canxeable por unha comida/ cea a escoller polo premiado, nun dos locais participantes do concurso.

Para acceder a este, o cliente deberá ter o seu voto validado, e dispoñer do resgado do boleto de participación na votación do concurso, en combinación coas 3 últimas cifras do primeiro número gañador no sorteo da ONCE do día 1 de xuño do 2016.





Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo

Avda. da Mariña 25, CP 15160, Sada - A Coruña (+34) 881.965.481
www.concellodessada.com - oficinadeturismo@concellodessada.com



O premio debe ser retirado polo gañador/a na data e lugar que sexa citado por parte da organización deste concurso, presentando a súa cédula de identidade vixente até o 10 de xuño (inclusive).

No caso de que o premio non sexa reclamado e retirado na data sinalada ou que o gañador non cumpla cos requisitos mencionados anteriormente, o premio quedará sen efecto. Así, calquera cambio de dirección, correo electrónico ou teléfono por parte do gañador, é responsabilidade do participante.

- Por indicación expresa do xurado, poderán otorgarse mencións especiais ou accesits.

10ª Aceptación das Bases:

A participación no VII Certame "Festa da Xiba" implica a aceptación destas bases, así como a resolución das mesmas.

Sada, 28 de abril de 2016

Asdo.

O concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente:

Xose Lois Suárez Becerra.

